

## LINGUA GALEGA

### 6º EDUCACIÓN PRIMARIA

Ola meus nenos e nenas favorit@s,

Xa sabedes a canción?? Como van esas mensaxes de ánimo, agarimo, agradecemento... escritas en folios, cartolinas, camisetas ou sabas??? Espero que xa estean rematadas porque esta semana tedes que cumprir unha misión!!!

#### ACTIVIDADE 1: Gravar un vídeo

A primeira actividade desta semana consiste en poñer a canción e **gravar un vídeo de 15 segundos** coa parte da canción que vós queirades. No vídeo podedes saír cantando, bailando, saltando, mostrando as vosas mensaxes... como vós queirades. Tamén podedes saír no vídeo en familia (con mamá, papá, irmáns, mascotas... ou todos xuntos). Cada un pode facer o vídeo como queira e como máis lle gustel! Podedes ser tan orixinais como queirades!! Todas as ideas son válidas!!

Unha vez gravado o vídeo, tedes que enviálo ao meu correo: [profeantia@gmail.com](mailto:profeantia@gmail.com)  
Revisade que escribides ben o correo á hora de enviar o vídeo.

A continuación, vos deixo un enlace cun tutorial por si non sabedes como enviálo. Seguides os pasos que aparecen no vídeo:

<https://www.youtube.com/watch?v=UDZrIQqIxNs>

Gustaríame que participádes todos nesta actividade porque cos vosos vídeos quero crear unha **SORPRESA** para vós!! Así que se alguén non é capaz de enviarme o vídeo, pero pode enviálo por WhatsApp a algún compañeiro que saiba enviálo, sería xenial!!

O data límite para enviar o vídeo é o próximo DOMINGO 3 DE MAIO. A partir do luns día 4, comezarei a preparar a sorpresa. Tedes toda a semana por diante!! Non vos esquezades, por favor!! Cantos máis participemos, máis bonita será a sorpresa.

Déixovos de novo o enlace coa canción:

<https://www.youtube.com/watch?v=MQqOnuBhxKo>

ÁNIMO, VALENTES!!!

ESPERO OS VOSOS VÍDEOS CON MOITÍSIMA ILUSIÓN!!!

## ACTIVIDADE 2: Escribirme unha carta

**Escribir unha carta** na cal me contedes como estades, como vos sentides ante esta situación que estamos vivindo, como levades a corentena, que actividades facedes na casa con tanto tempo libre, que cousas botades de menos, que cousas queredes facer cando remate a corentena... Podedes contarme o que vós queirades!!

Podedes escribir a carta a ordenador ou a man:

- Se escribides á carta a ordenador, podedes enviarmos directamente en word e pdf.
- No caso de que a escribades a man, podedes sacarlle unha foto có móbil e enviála ao meu correo. O único que tedes que facer e comprobar que se vea ben a imaxe.

Recordade escribir a carta en galego e ollo coas faltas de ortografía e os signos de puntuación. Revisádeas ben antes de enviála!!

Recordade tamén as partes nas que se divide unha carta: **data, saúdo, texto, despedida e sinatura**. A continuación, déixovos unha imaxe que pode servirvos de exemplo para orientarvos.



Unha vez escrita a carta, debes enviála ao meu correo: [profeantia@gmail.com](mailto:profeantia@gmail.com)  
Non vos esquezades de enviála. Estou desexando recibir noticias vosas!!!

Se o necesitades, tedes en YouTube tutoriais de como enviar documentos ou fotos por correo electrónico desde o ordenador ou desde o móbil.

Se queredes, tamén podedes enviarme outras actividades que teñades feitas doutras semanas. Por exemplo:

- As actividades sobre a película de Asterix o galo.
- Fotos do voso obxecto máximo de mellores momentos de cada día.
- As fichas coas actividades de repaso do tema 6.
- A lista de cousas que facer cando remate a corentena.
- As vosas estrofas de catro versos para engadir a canción de Xuntos.

Todo o que vós queirades enviarme doutras semanas!!!

Para enviar estas tarefas seguíde o mesmo proceso que coa carta. Se as tedes feitas a ordenador, as enviades directamente en word e pdf. Se as tedes feitas a man, enviades fotos.

---

**MOITO ÁNIMO COS VÍDEOS E COAS CARTAS!!!** Estou segura de que os vídeos serán maravillosos e nas cartas contaredes cousas xeniais!!!

Como vos digo sempre e como di a canción, XUNTOS PODEMOS CON TODO!! Grazas por seguir sendo tan fortes o por continuar traballando día tras día. BRAVO!!!!

Un abrazo moi grande para as vosas familias!! MIL GRAZAS por axudar aos nenos e as nenas con todas as tarefas semana tras semana. Gustaríame pedirvos que os axudedes co vídeo e vos animedes a participar. Grazas!!

Un bico moi grande, meus chicos e chicas!!

Bótovos moitísimo de menos...

Antía

**NOTA INFORMATIVA RECUPERACIÓN 2º TRIMESTRE:**

Todos aqueles alumnos e alumnas de 6ºEP que teñan suspensa a segunda avaliación de Lingua Galega, deben centrarse en realizar as actividades de recuperación que están publicadas na páxina web do colexio. É moi importante que as fagades para poder recuperar o segundo trimestre desta materia.

Aínda así, realizade tamén a actividade de gravar un vídeo de 15 segundos proposta para esta semana para poder participar na sorpresa.

A data límite para a entrega destas actividades de recuperación é o **vernes 15 de maio**.

Unha vez feitas, debes enviarlas ao meu correo: [profeantia@gmail.com](mailto:profeantia@gmail.com)

Recordade que se facedes as actividades a ordenador podedes enviarlas directamente en word e pdf. No caso de facelas a man, enviade fotos revisando que se vexan ben.

Calquera dúbida, escribíndeme un correo.

Ánimo, chicos e chicas!!